

A UNIÓN EUROPEA

HISTORIA:

Despois da 2ª Guerra Mundial (1945) os países de Europa deciden axudarse entre eles para evitar novas guerras.

Así, no ano 1957, seis países fundaron a Comunidade Económica Europea (*Alemaña, Francia, Italia, Bélxica, Países Baixos e Luxemburgo*). Este países decidiron cooperar entre eles, de forma económica, pois as consecuencias da guerra foron moi negativas para todos os países. Esa axuda económica implicaba o intercambio de mercancías, favorecer o comercio entre eles e o compromiso de non máis violencia.

Paulatinamente, máis países foron sumándose a esta cooperación, e España entrou a formar parte da Comunidade Económica Europea no ano 1986.

No ano 1992 cambiouse o nome, pasando a denominarse **Unión Europea**.

Actualmente a Unión Europea está formada por 27 países (*Alemaña, Austria, Bélxica, Bulgaria, Chipre, Croacia, Dinamarca, Eslovaquia, Eslovenia, España, Estonia, Finlandia, Francia, Grecia, Hungría, Irlanda, Italia, Letonia, Lituania, Luxemburgo, Malta, Países Baixos, Polonia, Portugal, República Checa, Romanía e Suecia*). Reino Unido deixou a Unión Europea no famoso proceso denominado “Brexit” no ano 2020)

Un acontecemento moi importante tivo lugar no ano 2002, coa chegada do **EURO**. Dos 27 países da Unión Europea, 19 países teñen EURO. Os 8 países que non teñen EURO son: *Bulgaria, Croacia, Dinamarca, Hungría, Polonia, República Checa, Romanía e Suecia*.



Países fundadores da CEE.

OBXECTIVOS DA UNIÓN EUROPEA:

Podemos clasificar os obxectivos da Unión Europea en 3 bloques:

- a) Obxectivos económicos: o principal obxectivo é o de facilitar a cooperación entre os países membros para mellorar economicamente, facilitando o comercio entre países sen pagar máis por taxas de aduanas.
- b) Obxectivos políticos: posibilita o movemento de persoas por toda Europa para poder estudar ou traballar.
- c) Obxectivos sociais: crea un sistema de benestar social sen guerra, con igualdades entre homes e mulleres e coidado do medio ambiente.



Países actuais da Unión Europea.

INSTITUCIÓN DA UNIÓN EUROPEA:

Para lograr os obxectivos marcados no punto anterior, a Unión Europea organízase da seguinte maneira:

PARLAMENTO EUROPEO – formado polo Eurodiputados que son escollidos democraticamente (por voto) polo cidadáns dos países membros da Unión Europea. Ten 2 sedes: Estrasburgo e Bruselas. É o órgano encargado de aprobar as leis europeas e as contas económicas.

CONSELLO DA UNIÓN EUROPEA – formado polos presidentes dos gobernos dos países membros. Son os encargados de propoñer as leis que aprobará o Parlamento Europeo.

TRIBUNAL DE XUSTIZA – formado por un xuíz de cada país membro. É o encargado de impartir xustiza a nivel Europeo.

TRIBUNAL DE CONTAS – formado por un representante de cada país membro. É o órgano encargado de controlar todo o relacionado co sistema económico.



Imaxe do Parlamento Europeo.

SIMBOLOS DA UNIÓN EUROPEA:

A BANDEIRA: formada por 12 estrelas douradas sobre fondo azul.

O HIMNO: “Oda a la alegría” da 9ª sinfonía de Beethoven.

O DÍA DE EUROPA: que se celebra o 9 de maio, día que se fundou Comunidade Económica Europea.

O LEMA: “*Europa unida na diversidade*”. Significa que Europa é un gran territorio onde conviven cidadáns con diferentes linguas, tradicións, crenzas, razas...



HIMNO A LA ALEGRÍA
L. V. Beethoven

Ritmo:
Tono:
Tiempo:

♩ = 97
Balada

C G C G

mi mi fa sol sol fa mi re do do re mi mi re re

C G C G C

mi mi fa sol sol fa mi re do do re mi re do do

G C G C G Am D G

